

PERSONAL SHOPPER

[Olivier Assayas, 2016]

233

ESTREA EN NUMAX: 19.05.2017 | V.O.S.E. | +12

Personal Shopper (2016, 105')

Dirección: Olivier Assayas

Guión: Olivier Assayas

Elenco: Kristen Stewart, Lars Eidinger, Nora von Waldstätten, Anders Danielsen Lie, Pamela Betsy Cooper, Sigrid Bouaziz, David Bowles, Ty Olwin, Leo Haidar

Son: Nicolas Moreau

Montaxe: Marion Monnier

Fotografía: Yorick Lesaux

Produtoras: Arte France Cinéma, CG Cinéma, Poisson Rouge Pictures (Francia)

Distribuidora: La Aventura Audiovisual

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idiomas orixinais: Inglés, francés, sueco

PREMIOS E FESTIVALS

Cannes 2016 (mellor director, ex-aequo), Rotterdam (nomeada ao premio MovieZone), Oaxaca 2016 (mellor actriz —Kristen Stewart—)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Viaxe a Sils Maria, 2014

Después de mayo, 2012

Carlos, 2010

Las horas del verano, 2008

Demonlover, 2002

Finales de agosto, principios de septiembre, 1998

Irma Vep, 1996

SINOPSE

Ambientada en París, *Personal Shopper* é unha historia de pantasmas que sucede no mundo da moda. Maureen é unha moza que traballa como asistente personal dunha persoa poderosa que traballa coas mellores tendas da capital francesa. Pero ademais de acompañar aos seus clientes en busca do vestuario máis exclusivo, posúe unha habilidade fóra do común. Maureen ten poderes psíquicos, cualidade que compartiu co seu irmán xemelgo antes de que este falecese en estrañas circunstancias.

«O mellor filme de Olivier Assayas en moito tempo e a mellor interpretación de Kristen Stewart até a data»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



«Assayas baseou ‘Personal Shopper’ nunha liña de diálogo de ‘Sils María’»

Entrevista a Kristen Stewart

Como chegou a ti Olivier Assayas para *Personal Shopper*? Díxome que estaba a escribir un guión moi simple e que esperaba que me gustase. Cando o lin quedei impresionada. Era moi diferente a *Viaxe a Sils María* (2014). Para min era moito. Cría coñecer a Olivier mais non podía imaxinar como medrara esta historia. Abriume os ollos aos recantos máis ocultos da súa personalidade. É un filme moi contemplativo. En *Personal Shopper* Olivier é quen de evocar mundos invisíbeis sen etiquetas. Non é analítico, é sensual e profundamente humano. Olivier é un director cerebral mais ten a capacidade de expresar emocións moi profundas. Non sentira iso desde *Sils María*.

***Personal Shopper* examina temas non moi comúns no cinema francés, como pantasma e espiritismo, e o resultado é algo diferente dos thrillers americanos sobrenaturais.** En *Sils María*, María, interpretada por Juliette Binoche e o meu personaxe, Valentine, tiñan conversas sobre filmes. Non estaban de acordo sobre unha película que tiñan visto de mutantes no espazo. Valentine di que hai a mesma verdade na fantasía e a ciencia ficción que nun

lote de filmes supostamente máis serios. Estes filmes usan símbolos e metáforas, mais iso non os fai máis superficiais. En última instancia fala sobre as mesmas cousas e examinan os mesmos temas que outras obras abertamente psicolóxicas. É divertido pensar que Olivier literalmente baseou *Personal Shopper* nunha liña de diálogo de *Sils María*. *Personal Shopper* é ademais un filme de xénero, o que a diferencia dos filmes franceses de autor. É un filme de xénero que non trata de asustar con pantasma, pero que ofrece un reflexo da realidade a cambio. O filme pregúntache a túa opinión pola cuestión máis terrorífica da vida: estou completamente só ou podo realmente entrar en contacto con alguén?

***Personal Shopper* trata do duelo. Mais é tamén a historia de emancipación dunha moza, tentando encontrar liberdade dunha maneira estraña.**

Si, os mellores momentos na vida de Maureen preceden desastres. Aos intres de serenidade normalmente seguiron eventos traumáticos. Cando sentiches a morte de preto sénteste máis viva. Ao final da película, aínda que Maureen non atopou o que estaba a buscar é quen de empezar de novo.

Como preparaches o papel de Maureen? E que importancia ten a aparencia física nos personaxes que interpretas? Ten moita importancia. Quería que a xente sentise que Maureen era unha xemelga buscando a simbiose que perdera cando seu irmán morre. Así que a imaxinaba cun look simple e

andróxico. A súa aparencia reflicte a súa relación amor-odio co mundo da moda. Canto á preparación do filme eu só leo os guións unha vez, logo non me gusta lelo de novo. Dese xeito descubro escenas no set cada día. Olivier quería rodar antes, para que eu puidera seguir coa seguinte película de Woody Allen, onde interpreto a unha moza feminina, encantadora e adorábel. Sentíame capaz de facer ambos filmes á vez e nesa orde.

Antes dos teus dous filmes con Olivier Assayas, cal era a túa relación co cinema francés? Vira unhas cantas obras esenciais como *Al final de la escapada* (Jean-Luc Godard, 1960) ou *Jules y Jim* (François Truffaut, 1961). Charles, Olivier e todo o equipo abrironme os ollos a un novo mundo de filmes e cinefilia. Descubrí unha chea de filmes franceses en DVD. Foi unha experiencia única para unha actriz americana que se sente parte do universo. Moi guai. Nos Estados Unidos, os filmes fanse para entreter e facer diñeiro. Os filmes de arte ou autor ocupan un lugar minúsculo na industria. Ultimamente, os directores que me gustan máis son os que comparten unha certa de idea do cinema máis próxima a algúns autores franceses e europeos. En Francia, os motivos para facer un filme non son os mesmos que en Estados Unidos. Hai un desexo de asumir riscos non como nos filmes americanos de grande orzamento, interesados apenas en repetir ideas trilladas.

Publicado en <http://laaventuraaudiovisual.com/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Viaje a Sils maria,
Olivier Assayas. Vértice [DVD]

Después de mayo,
Olivier Assayas. Vertigo [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

